

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE FEBREIRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:00 horas do día 1 de febreiro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 30 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 4a e 10)
D. Benjamín Collazo Rodríguez (asiste aos puntos 8 e 9)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 4.b)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 29 de xaneiro de 2018**

Non se aproba por falta de quórum.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019) (8.280-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” co seguinte resultado:



	Licitador	% redución única aplicable a cada un dos prezos unitarios	Nº h/ano programador sen custo	Nº h/ano analista programador sen custo	Nº h/ano director proxecto sen custo
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	3%	45,00	37,00	12,00

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

Dado que neste procedemento hai un único licitador, a Mesa, de conformidade co disposto na cláusula 15.3 do PCAP, acorda outorgarlle a máxima puntuación.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% de desconto para os prezos unitarios dos elementos necesarios		% de desconto prezos unitarios dos custos de man de obra	
		Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2
1	TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L.		(1)		5%
2	TALLERES FONTÁN, S.L.	10%		5%	
3	DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L.	15%		(2)	

(1) Talleres García Barreiro, SL: Propón un porcentaxe de desconto para os prezos unitarios derivados dos elementos necesarios dun 5% para recambios orixinais e un 10% de recambios libres.

(2) Distribuciones Salrubber, SL: Propón un porcentaxe de desconto para a determinación dos prezos unitarios para o coste da mano de obra dun 20% en mecánica; un 15% en chapa/carrocería; dun 15% en pintura e dun 20% en electricidade.

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:27	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A543-CF323D-CH8BAH-FE1J6K-5FGYLU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe da Área de Investimentos, o xefe de Administración Electrónica, a arquitecta municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal da Área de Fomento e a enxeñeira industrial da Área de Fomento o 29 de xaneiro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

No referido informe propónse á Mesa de Contratación a exclusión de GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. do lote 3 deste procedemento por non superar o umbral previsto no apartado 8.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (*“serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50% da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada”*).

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe da Área de Investimentos, o xefe de Administración Electrónica, a arquitecta municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal da Área de Fomento e a enxeñeira industrial da Área de Fomento o 29 de xaneiro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* e acorda a exclusión de GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. do lote 3 deste procedemento por non superar o umbral previsto no apartado 8.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (*“serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50% da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada”*).

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019) (8.280-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:27	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A543-CF323D-CH8BAH-FE1J6K-5FGYLU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de xaneiro de 2018 por non acadar o umbral don 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor relativo á organización dos medios persoais.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019) (8.280-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100,00

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.084,06 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:27	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A543-CF323D-CH8BAH-FE1J6K-5FGYLU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		